



DATOS IDENTIFICATIVOS

Expresión artística: Materia-Cor

Materia	Expresión artística: Materia-Cor			
Código	P01G010V01201			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Fariña Busto, María José			
Profesorado	Cuba Taboada, Miguel Fariña Busto, María José Fernández Prada, María Elena Ortuzar González, Mónica			
Correo-e	pepa@coag.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia constitúe unha introdución, desde unha perspectiva interdisciplinar, aos procesos de creación básicos derivados do uso dos materiais e da cor na arte.			
	Complementábase con outras materias de 1º e 2º curso que introducen ao estudante no manexo disciplinar de materiais e técnicas diversas.			
	Esta materia, que pertence á Formación Básica, é fundamental no cadro xeral da titulación, xunto a outras materias similares ("Expresión artística. Debuxo-Forma") que conforman o módulo de Procesos Artísticos, que dotan ao estudante de ferramentas necesarias para abordar e profundar en procesos disciplinares e multidisciplinares de produción artística.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B15	Sensibilidade a respecto do patrimonio cultural.
C1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
C2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
C6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
C9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
C12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
C14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
C19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
C20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
C31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
C36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
C42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística

Resultados previstos na materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecementos básicos de métodos de produción a través da materia.		C6 C9 C12 C14 C31
Coñecementos dos códigos cromáticos.		C6 C12
Coñecemento da cor desde o contexto cultural.	B15	C2 C6 C36
Coñecemento do contido cultural asociado aos materiais.	B15	C6 C36
Coñecementos básicos de métodos de produción a través da cor.		C6 C9 C12 C14 C31
Capacidade para o desenvolvemento expresivo da materia.		C19 C42
Capacidade para a percepción do espazo, o volume e a cor.		C19
Capacidades para desenvolver a análise e a creación de formas artísticas.		C1
Capacidade para traballar no bidimensional e o tridimensional.		C20 C31
Habilidade para o manexo da materia desde un punto de vista estético.		C12 C42
Habilidades básicas para a manipulación de materiais diversos.		C12 C42
Habilidades básicas para a representación a través da cor.		C42
Habilidades para o manexo da cor nos seus diferentes contextos.		C12 C42

Contidos

Tema	
CAMPO FENOMENOLÓXICO	Física da cor. A luz e a cor Fenómenos perceptivos. Sensacións cromáticas.
TEORÍA E PRÁCTICA DA COR	Teorías da cor: Goethe, Chevreul, Albers. Pigmentos: inorgánicos, orgánicos e sintéticos. Círculo cromático. Armonías. Sensación cromática: ton, luminosidade, saturación. A cor na composición.
MATERIA E COR NA PRÁCTICA ARTÍSTICA	A cor como feito cultural e os seus significados. Cor e materia: realidade e representación.
OS MATERIAIS ARTÍSTICOS	A materia e o material. A materia como feito cultural. O material escultórico.
MATERIA E FORMA	Relacións formais e compositivas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	0	12
Traballo tutelado	95	178	273
Presentación	12	2	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia, dos seus obxectivos e das actividades a realizar ao longo do cuatrimestre.
Lección maxistral	Sesións teóricas destinadas á exposición de contidos teóricos, e á presentación das propostas dos traballos e exercicios a desenvolver na aula.

Traballo tutelado	Actividade nuclear da materia. Cada estudante resolverá os diferentes traballos e exercicios propostos polo profesorado. Os traballos, que terán un carácter práctico e/ou creativo, deberán realizarse e presentarse no aula (do mesmo xeito que os traballos externos e complementarios a cada un dos exercicios).
Presentación	Presentación oral individual dos traballos feitos por cada estudante. Está actividade está relacionada cos debates.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O estudante terá un seguimento persoal dos traballos, tanto de forma individual como en grupo dentro da aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Valorarase a asistencia e a participación nas sesións.	20	C1 C2 C6
Traballo tutelado	Valorarase a dedicación e o nivel de implicación en cada traballo, así como a capacidade de aportar solucións creativas. Ademais de valorar capacidades de adaptación do resultado final á formulación inicial proposta, apreciaranse as habilidades adquiridas no manexo formal e conceptual dos materiais e experimentación técnicas.	50	C2 C9 C12 C14 C19 C20 C31 C42
Presentación	Consiste na presentación oral do traballo de aula realizado, debiéndose argumentarse / xustificarse especificamente a solución adoptada . Valorarase as capacidades de expresión oral e de transmisión da proposta, sendo fundamental a preparación previa do estudante en cada exposición.	30	C2 C6 C31 C36

Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia sistemática, a implicación e a participación en clase son factores imprescindibles para a consecución dos obxectivos da materia. A actividade de docencia/aprendizaxe céntrase principalmente na resolución de traballos e exercicios na aula, polo que a asistencia puntual e participación en clase son factores imprescindibles para superar a materia. En consecuencia, e coa metodoloxía citada, establécese un sistema de avaliación continua pola que cada estudante poderá coñecer a súa situación na adquisición dos obxectivos en relación a cada traballo desenvolvido e presentado.

No caso de non superar a materia no prazo normal que marca a convocatoria común, a proba extraordinaria consistirá na repetición dos exercicios ou, noutros casos, nun maior desenvolvemento dos exercicios relacionados coas competencias que non foron acadadas no seu nivel mínimo esixido.

O alumnado que non haxa realizado durante o cuadrimestre os 2/3 dos exercicios propostos, na convocatoria extraordinaria deberá levar a cabo un traballo práctico específico, na aula de exame, relativo aos contidos da materia, ademais de presentar os traballos suspensos ou non presentados levados a cabo durante o curso.

Datas de convocatorias extraordinarias:

<http://belasartes.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALBERS, Josef, **Interacción del color**, Alianza Editorial, 2010

DOERNER, Max, **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, Reverté, 1991

ECO, Humberto /CALABRESE, Omar, **El tiempo en la pintura**, Mondadori, 1988

GIACOMETTI, Alberto, **Escritos**, Síntesis, 2001

GUASCH, Ana María, **El arte en la era de lo global: De lo geográfico a lo cosmopolita: 1989-2015**, Alianza Editorial, 2016

GUASCH, Ana María, **El arte último del siglo XX: el posminimalismo a lo multicultural**, Alianza Editorial, 2000

ITTEN, Johannes, **Arte del color. Aproximación subjetiva y descripción objetiva del arte**, Edebé, 1987

MOSCRUP, Barry, **El gran libro del color**, Editorial Blume, 1982

SMITH, Ray, **Manual del Artista. Herramientas, materiales, procedimientos, técnicas**, Hermann Blume/Tursen, 2008

VV.AA., **Conceptos fundamentales del lenguaje escultórico**, Akal, 2006

VV.AA., **Procedimientos y materiales de la obra escultórica**, Akal, 2009

WITTKOWER, Rudolf, **La Escultura : procesos y principios**, Alianza Editorial, 2006

WITTGENSEIN, Ludwig, **Observaciones sobre los colores**, Paidós, 1994

Bibliografía Complementaria

BALL, Philip, **La invención del color**, Turner, 2003

BRUSATIN, Manlio, **Historia de los colores**, Paidós, 2006

JIMÉNEZ, Ariel, **La primacía del color**, Monte Ávila, 1991

MARCHÁN FIZ, Simón, **Del arte objetual al arte de concepto**, Akal, 1990

PAWLIK, Johannes, **Teoría del color**, Paidós, 2007

VARICHON, Anne, **Colores. Historia de su significado y fabricación**, Gustavo Gili, 2005

VV.AA., **Introducción al color**, Akal, 2005

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Técnicas escultóricas/P01G010V01203

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Expresión artística: Debuxo-Forma/P01G010V01102

Técnicas pictóricas/P01G010V01104

Outros comentarios

A asistencia a clase é un requisito esencial para superar a materia.

As actividades de traballo irán en paralelo coa práctica activa, dentro e fóra da aula, para conseguir habilidades e experimentar diferentes técnicas, así como para acudir ás fontes de documentación e obter a información precisa necesaria para a labor que se desenvolve.
